

**Expediente núm.:** 7131/2019

**Procedemento:** Contratacións

**Asunto:** EDUSI: Adquisición de sensórica e programa de xestión para converter as vivendas de emerxencia social en edificios intelixentes

**Data de apertura:** 17/09/2019

## Resolución

Vista a proforma presentada por Conexiona Telecom SL, suscrita polo técnico coordinador da Estratexia DUSI, Hábitat Saudable e a concelleira de vías e obras e alumado público.

Visto o informe de necesidade e proposta de gasto de data do 25 de setembro de 2019, cuxo contido literal é:

*“O Concello de Ponteareas é o organismo intermedio a efectos de selección de operacións (organismo lixeiro) da Estratexia DUSI Hábitat Saudable, estratexia financiada polo FEDER, no marco do PO Plurirrexional Crecemento Sostible, actualmente integrado no POPE (Programa Operativo Plurirrexional Español)*

*Dentro deste marco, o Concello de Ponteareas está a desenvolver unha liña de actuación consistente na rexeneración urbana/ recuperación e actualización do patrimonio tradicional, no ámbito do obxectivo temático 9.*

*No referido marco, o Concello de Ponteareas licitou a obra consistente na restauración e rehabilitación de 4 vivendas para emerxencia social, e resultou adxudicataria a empresa INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS. O proxecto que serviu de base á realización desas obras foi redactado por COLECTIVO NOZ SCP.*

*O proxecto contempla a rehabilitación e restauración desas vivendas, como vivendas intelixentes, pero sen especificar concretamente os elementos a ser instalados para ser considerada como tal. Deste xeito, procedeuse a facer a pre-instalación tal e como contemplaba o proxecto, co obxecto de preparala para cando se definisen os elementos a instalar, e así, lograr a finalidade de dispoñer de ditas vivendas intelixentes.*

*Por todo isto, definidos os elementos a instalar, solicitouse proforma á empresa CONEXIONA TELECOM SL.*

*Recibida e vista a proforma, tendo en conta as características do subministro que se pretende contratar e, que se trata dunha necesidade puntual e non periódica, cuxa duración prevese inferior ao ano, propónse executar dito gasto mediante o procedemento máis axeitado, que neste caso é o do contrato menor de subministro.*

*A proposta de adxudicación que de seguido se realiza, atende neste caso a un criterio único de idoneidade, considerando que o suxeito*



proposto conta coa capacidade de obrar suficiente e coa habilitación profesional necesaria (art. 131.3 da Lei 9/2017).

En base ao exposto e, de conformidade co artigo 118 da Lei 9/2017 e a base 26ª das bases de execución do Orzamento 2018 (prorrogado para ano 2019), propónse ao órgano de contratación, previa retención de crédito por Intervención, a adopción do seguinte

**Acordo:**

**Primeiro.-** Adxudicar á entidade mercantil CONEXIONA TELECOM SL con NIF B3235795 o contrato menor de subministro consistente na “adquisición de sensórica e programa de xestión para converter as vivendas de emerxencia social en edificios intelixentes”, nos termos e co alcance convidados na proforma que obra no expediente, por un prezo de 5.861,00€ (sen IVE) que, xunto a 1.230,81€ en concepto de IVE (tipo do 21%), fai un total de 7.091,81€.

**Segundo.-** A entidade adxudicataria estará obrigada a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2. do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, e especialmente as seguintes:

a) Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións necesarias para o obxecto do contrato, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional.

b) En toda difusión pública ou referencia as actuacións previstas no contrato, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc...), se deberán incluír de modo destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade cas normas gráficas establecidas, así como referencia á Unión Europea y ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, incluíndo o lema “Una manera de hacer Europa”.

**Terceiro.-** Establecer o seguinte réxime de pagamento: Facturarase o 100% da prestación á entrega e instalación do material obxecto de adquisición.

A factura electrónica, a través de FACe, deberá dirixirse en relación ao seguinte DIR3:

<b>CONCELLO DE PONTEAREAS NIF:</b>	<b>OFICINA CONTABLE</b>	<b>ÓRGANO XESTOR</b>	<b>UNIDADE TRAMITADORA</b>
	L01360427	L0136042 7	L01360427



<b>P360</b> <b>4200J</b>			
-----------------------------	--	--	--

A factura para ser considerada correctamente cumprimentada deberá incluír:

- Lugar e data de emisión.
- Número e no seu caso, serie.
- Nome e apelido ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expedidor.
- Órgano que celebra o contrato, con identificación de súa dirección e número de identificación fiscal (Concello de Ponteareas).
- Prezo do contrato (con desenglobe do IVE).
- Descrición pormenorizada do obxecto do contrato.
- Xunto ca descrición da prestación, se debe incluír a seguinte lenda:

#### FONDOS FEDER

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional. Una maneira de facer Europa

EDUSI HABITAT SAUDABLE, Concello de Ponteareas

**Cuarto.-** Aprobar e dispoñer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

**Quinto.-** Notificar a presente resolución ao adxudicatario e dar traslado a intervención.

**Sexto.-** Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto coa separación correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

**Sétimo.-** Nomear como responsábel do contrato a Víctor Ángel Varela Caride, técnico coordinador da Estratexia DUSI, Hábitat Saudable.

**Sétimo:** Establecer como prazo para a instalación do material o mes de outubro de 2019, tras requirimento do Concello."

Visto o informe de non superación das cifras límite de contratación menor de data do 26 de setembro de 2019.

Vista a retención de crédito por importe de 7.091,81€ con cargo á aplicación orzamentaria 92900-2266008.



En virtude das facultades conferidas na Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO**:

**Primeiro.-** Adxudicar á entidade mercantil CONEXIONA TELECOM SL con NIF B3235795 o contrato menor de subministro consistente na “adquisición de sensórica e programa de xestión para converter as vivendas de emerxencia social en edificios intelixentes”, nos termos e co alcance convidados na proforma que obra no expediente, por un prezo de 5.861,00€ (sen IVE) que, xunto a 1.230,81€ en concepto de IVE (tipo do 21%), fai un total de 7.091,81€.

**Segundo.-** A entidade adxudicataria estará obrigada a cumprir as obrigas de información e publicidade establecidas no anexo XII, sección 2.2. do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, e especialmente as seguintes:

- a) Nos documentos de traballo, así como nos informes e en calquera tipo de soporte que se utilice nas actuacións necesarias para o obxecto do contrato, aparecerá de forma visible e destacada o emblema da UE, facendo referencia expresa á Unión Europea e ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional.
- b) En toda difusión pública ou referencia as actuacións previstas no contrato, calquera que sexa o medio elixido (folletos, carteis, etc...), se deberán incluír de modo destacado os seguintes elementos: emblema da Unión Europea de conformidade cas normas gráficas establecidas, así como referencia á Unión Europea y ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, incluíndo o lema “Una manera de hacer Europa”.

**Terceiro.-** Establecer o seguinte réxime de pagamento: Facturarase o 100% da prestación á entrega e instalación do material obxecto de adquisición.

A factura electrónica, a través de FACe, deberá dirixirse en relación ao seguinte DIR3:

CONCELLO DE PONTEAREAS NIF: P3604200J	OFICINA CONTABLE	ÓRGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
	L01360427	L01360427	L01360427

A factura para ser considerada correctamente cumprimentada deberá incluír:

- Lugar e data de emisión.
- Número e no seu caso, serie.
- Nome e apelido ou denominación social, número de identificación fiscal e domicilio do expedidor.



- Órgano que celebra o contrato, con identificación de súa dirección e número de identificación fiscal (Concello de Ponteareas).
- Prezo do contrato (con desenglobe do IVE).
- Descrición pormenorizada do obxecto do contrato.
- Xunto ca descrición da prestación, se debe incluír a seguinte lenda:

#### FONDOS FEDER

Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional. Una maneira de facer Europa

EDUSI HABITAT SAUDABLE, Concello de Ponteareas

**Cuarto.-** Aprobar e dispoñer o gasto de 7.091,81€ con cargo á aplicación orzamentaria 92900-2266008

**Quinto.-** Notificar a presente resolución ao adxudicatario e dar traslado a intervención.

**Sexto.-** Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto coa separación correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

**Sétimo.-** Nomear como responsábel do contrato a Víctor Ángel Varela Caride, técnico coordinador da Estratexia DUSI, Hábitat Saudable.

**Oitavo.-** Establecer como prazo de execución estimado para a instalación do material o mes de outubro de 2019, tras requirimento do Concello.

#### Recursos

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse polos interesados, ben o recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou e no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, ao abeiro do establecido nos artigos 112.1 e 123 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de un mes segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.1 da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do



prazo de seis meses contados dende o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consorte ó establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte co Dereito.

## DOCUMENTO DIXITAL ASINADO ELECTRONICAMENTE

